



PREGUNTA ORAL SOBRE A ADHESIÓN DO CONCELLO AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS DA XUNTA DE GALICIA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno do mes de maio de 2016 a Corporación Municipal, por maioría e cos votos do propio grupo que sustenta ao Goberno, acordou aprobar unha iniciativa do Partido Popular para que o Concello se sumara ao Programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia, asinando o acordo de adhesión previsto no convenio coa FEGAMP e incluír no programa autonómico as vivendas de propiedade municipal e aquelas de propiedade de terceiros que non se atopen ocupadas e que estean en condicións de seren habitadas.

Pola información que dispoñemos, esa adhesión non se ten materializado, a pesar de que na mesma sesión de hai máis de un ano na que se debatía a proposta, o portavoz do Goberno afirmara que Santiago xa tiña solicitado a adhesión.

Este notable retraso ten impedido que os propietarios de vivendas que queixeran acollerse ao programa non puideran acceder ás axudas que a Xunta de Galicia ten convocado para reformar ou mellorar as súas vivendas

En relación con esta cuestión formulamos a seguinte pregunta:

Cal é a razón pola que o Concello ten dilatado en máis de un ano a súa adhesión ao Plan de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia e cando pensa dar cumprimento ao acordo asinado en maio de 2016?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Popular